



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE LUGO

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha banda

A Consellería do Mar, representada por Rosa María Quintana Carballo, en virtude do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 128/2015, do 4 de outubro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras de la Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra parte, a entidade Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, CIF: V27017284, representada por presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, en virtude do artigo 10.1 dos seus estatutos ratificados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o 15 de marzo de 2004 (DOG núm. 69, do 12 de abril de 2004).

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

Segundo

Que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organización de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

Terceiro

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e da capacidade de obrar para o

cumprimento dos seus fins e actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a coordinación, xestión e representación dos intereses económicos e sociais comúns das confrarías que a integran.

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, precisa renovar parte do inmovilizado fixo da entidade, xa obsoleto, por outro novo o que permita unha actualización continua e mellorar deste xeito o funcionamento de comunicación interna e externa da Federación Provincial de Lugo.

Que as inversións previstas coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo a optimización e creación de novos procesos administrativos e de xestión, permitindo unha fórmula de comunicación bidireccional entre a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, os directivos e as Confrarías de Pescadores.

Que fanse necesarias actuacións na mellora da promoción dos produtos , para dar a coñecer a importancia da flota, a gran variedade de produto, a excelente relación calidad-precio dos peixes e mariscos, e tamén a boa calidade.

Que na línea do ano anterior a defensa conxunta da pesca artesanal e a organización dunha xornada-congreso, referido ao caladoiro cantábrico-noroeste, permite coñecer dun xeito mais exacto as inxedanzas e intercambio de información de todo o litoral do caladoiro, desde Pontevedra ata Guipúzcoa.

Cuarto

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo está inscrita no folio 1 do Tomo 3 do Rexistro de Confrarías e das súas Federacións, creado pola Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia.

Quinto

Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 (Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016) figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital 14.03.722A.781.5, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo (ou beneficiaria) co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

SEGUNDA.- Finalidade da Subvención



A realización dos investimentos necesarios para a mellora do funcionamento administrativo da Federación e o cumprimento dos seus fins, que consistirán en:

1. A adquisición de material informático e de dispositivos de telefonía que permita unha actualización continua e mellorar deste xeito o funcionamento de comunicación interna e externa da Federación e a optimización e creación de novos procesos administrativos e de xestión.

2. Melloras das accións de promoción dos produtos:

Campañas “Mar de Lugo”, con accións dirixidas ós escolares de toda a provincia de Lugo para dar a coñecer a labor das Confrarías e potenciar a imaxe do sector pesqueiro máis artesanal. Especialmente, a pretensión é destacar, por unha parte, a importancia da flota, o efecto multiplicador da actividade pesqueira, a gran variedade de produto, a excelente relación calidade-precio dos peixes e mariscos e tamén a boa calidade sanitaria e gastronómica destes produtos, e por outra parte, as principais artes de pesca tradicionais, mediante entrega de material divulgativo e outras accións.

O obxectivo é valorizar a pesca e a labor das confrarías, para lograr unha mellora da demanda dos produtos o que vai xerar mellora nos prezos e un beneficio para os pescadores.

3. Mellora da defensa conxunta na pesca artesanal:

Celebración dun Congreso de pescal artesanal no caladoiro cantábrico-noroeste, para poñer en común unha serie de información así como as principais demandas do sector para mellorar a xestión dos pescadores, mediante a xuntanza dos representantes sectoriais do todo o litoral do caladoiro, desde Pontevedra ata Guipúzcoa.

Esta acción enmárcase no obxectivo final da mellora da competitividade das flotas máis tradicionais, que son as que desenvolven unha labor de maior impacto socio-económico nas comunidades pesqueiras do litoral, buscando acadar un reforzamento da actividade tradicional e unha valorización do seu traballo, intentando frenar a continua redución da actividade nas comarcas con alta dependencia da pesca.

TERCEIRA.- Importe e contía da subvención

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de vinte e tres mil euros (23.000 €) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.781.5 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, proxecto 2014 00639.

CUARTA.- Concorrencia de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da inversión aquí proposta. Ao efecto de poder comprobar tal extremo nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

QUINTA.- Obrigas do beneficiaria

A beneficiaria, comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á adquisición dos bens e outras accións descritas na cláusula segunda
2. A poñer en coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ademais son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

O beneficiaria da axuda consente expresamente a inclusión do datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvención de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A beneficiaria deberá ter cumpridas as obrigas establecidas nos artigos 55 e 58 do capítulo VI e nas seccións 3ª e 4ª do capítulo IX do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, segundo se establece na Disposición adicional segunda do devandito decreto.

A tal efecto, a federación deberá aportar, antes de que se proceda ao libramento de ningunha cantidade, a certificación acreditativa do cumprimento das devanditas obrigas, expedida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

SEXTA. Publicidade da Subvención

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante Decreto 11/2009) deberá de dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.
2. Sen prexuízo do previsto no artigo 20 do Decreto 11/2009, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.d) da dita norma, e seguirase o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

SÉTIMA.- Forma de pagamento e xustificación da subvención



A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **antes do 16 de novembro de 2016**:

Memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.781.5 que incluírá:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo secretario da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, co visto e prace do seu presidente.

Tanto a presentación das facturas, como os documentos xustificativos do seu pagamento deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (en adiante Lei 30/1992, do 26 novembro) como a súa relación ordenada é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade conceeinte, data e importe total percibido.

d. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, de que os bens adquiridos e financiados por esta subvención é de uso exclusivo dos membros dos órganos reitores no exercicio das súas funcións ou de ser o caso do persoal contratado ao servizo da beneficiaria.

De acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o **16 de novembro de 2016**.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no seu artigo 29.2, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do

período de xustificación.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de **11.500 €**. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Consonte ao disposto no o artigo 65.4 i) quedan exentos da constitución da garantía, *“os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagos non superen os 18.000 euros. No caso de pagos anticipados e/ou pagos a conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumuladas dos pagamentos realizados”*

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

OITAVA.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

NOVENA.- Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009 ,do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

DÉCIMA.- Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada pola Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de xestión, ensino e relacións sectoriais, e polo presidente e o Secretario da beneficiaria.

UNDÉCIMA.- Resolución de controversias

En caso de controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

No caso de que subsista o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contenciosa Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DUODÉCIMA.- Transparencia e boas prácticas na Administración pública galega



De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería do Mar. Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e no 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMA TERCEIRA.- Portal da Transparencia e Goberno Aberto

De conformidade co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as persoas asinantes deste convenio en representación da Consellería do Mar e da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, autorizan á que os datos persoais que constan no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMA CUARTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas prestacións que se deriven deste convenio.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia e efectos

A duración do presente convenio alcanza ata o dezaseis de decembro de dous mil deza e seis sen posibilidade de prórroga.

A Consellería do Mar

Fed. Prov. de Confrarías de
Pescadores
de Lugo

A directora xeral de Desenvolvemento
Pesqueiro

O presidente

Susana Rodríguez Carballo

*P.D Orde do 30.03.2012 e Decreto 129/2015
D.A sexta(DOG nº 70, 12.04.2012 e nº 194,
9.10.2015)*